

Resolución de concesión de axuda

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

1. Antecedentes:

Por Resolución do 18 de xullo de 2022 (DOG nº 143, do 28 de xullo de 2022), publicáronse as bases reguladoras das axudas á implantación de solucións avanzadas para o desenvolvemento da economía circular para o ano 2022, cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 e procedeuse á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva.

Estas axudas están cofinanciadas no marco do programa operativo Feder Galicia 14-20, que ten unha taxa de cofinanciamento do Feder do 80 %, computando como cofinanciamento nacional o investimento privado elixible dos beneficiarios polo 20 % restante. En particular:

Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes, do sector agrícola (no caso do FEADER) e do sector da pesca e a acuicultura (no caso do FEMP).

Prioridade de investimento 03.04: Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados rexionais, nacionais e internacionais e nos procesos de innovación.

Obxectivo específico 03.04.01: Promover o crecemento e a consolidación das pemes, en particular mellorando o seu financiamento, tecnoloxía e acceso a servizos de apoios avanzados; incluíndo os sectores agrícola, pesqueiro, mariño, marítimo, turístico, cultural, comercial (...).

Actuación 3.4.1.3: Apoio a proxectos de investimento empresarial para promover o crecemento e consolidación das pemes.

Campo de intervención CE001: investimento produtivo xenérico en pemes.

Liña de actuación 07: apoio financeiro a proxectos de investimento empresarial.

O que exige o cumprimento da normativa aplicable a este fondo, en particular, o Regulamento (UE) nº 1303/2013, do Parlamento e do Consello, do 17 de decembro de 2013, e o Regulamento (UE) nº 1301/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, sobre o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, así como a súa normativa comunitaria, estatal e autonómica de desenvolvemento.

A concesión desta axuda supón a aceptación do beneficiario a ser incluído na lista pública de operacións prevista no artigo 115.2 do Regulamento (UE) nº 1303/2013. Así mesmo, o beneficiario deberá cumprir os requisitos de publicación e comunicación en relación á publicidade do financiamento, de conformidade co previsto no Anexo XII, apartado 2.2 do devandito Regulamento (UE) nº 1303/2013.

Para a avaliación das 27 solicitudes presentadas aplicáronse os seguintes criterios de selección e avaliación de proxectos establecidos no artigo 6.2 das bases reguladoras da axuda:

1º Calidade técnica do proxecto: ata 65 puntos, que se avaliarán con cada un dos seguintes parámetros:

i. Descrición do proxecto (15 puntos):

a. Grao de análise previa da situación: Descrición clara e concreta do problema ou a necesidade que se pretende abordar, tanto desde o punto de vista cualitativo como cuantitativo, con identificación tanto dos factores de incidencia (causas) como das consecuencias, así como as condicións de contorno (6 puntos).

b. Claridade na definición e obxectivos (6 puntos).

c. Grao de elaboración e concreción da proposta (3 puntos).

ii. Adecuación do proxecto (15 puntos):

a. Descrición de aspectos claves, actuacións e entregables (5 puntos).

b. Grao de axuste da solución proposta co modelo de negocio da empresa solicitante (2 puntos).

- c. Correlación entre os obxectivos de circularidade identificados no proxecto e os investimentos e gastos propostos (2 puntos).
- d. Viabilidade técnica, económica e ambiental, custo da solución e tempo de implementación, adecuación do orzamento e dos medios humanos, así como a potencialidade de xerar os suficientes recursos para asegurar a súa autosustentabilidade a medio e longo prazo (6 puntos).

iii. Tipo de solución e melloras esperadas en relación cos obxectivos indicados no artigo 1 (15 puntos):

- a. Estimación cualitativa e cuantitativa das melloras esperadas, que se avaliará en función da coherencia entre o proxecto e os resultados previstos (5 puntos).
- b. Tipo de solución, valorándose positivamente aquelas que incidan tanto nas causas como nos efectos dos problemas identificados e priorizando os proxectos que se enfoquen na orixe dos problemas fronte aos que aborden unicamente as súas consecuencias (10 puntos).

iv. Coherencia na organización e planificación do traballo (5 puntos).

v. Grao de madurez, nivel tecnolóxico e amplitude da solución proposta (10 puntos):

- a. Valoraranse con maior puntuación os proxectos baseados en tecnoloxía máis avanzada, que afecten a maior cantidade de ámbitos da empresa, a ámbitos máis relevantes, ou desenvolvan con intensidade salientable un ámbito concreto (8 puntos).
- b. Valoraranse con maior puntuación os proxectos que están listos para iniciar unha fase de prototipo ou piloto fronte aos que requiren desenvolvemento previo (2 puntos).

vi. Coñecemento e capacidades dispoñibles para acadar os obxectivos (dedicacións propias, subcontratación, consultarías) (5 puntos).

2º. Adecuación dos investimentos e capacidade económica (10 puntos):

- i. Identificación de partidas, desagregación dos orzamentos (2 puntos).
- ii. Calidade de ofertas e provedores (4 puntos):
- Desagregación e alcance das ofertas.
 - Documentación empregada para solicitar a oferta ou adxunta a esta.
- iii. Viabilidade do proxecto fronte ao volume da empresa: ratio de investimento fronte a facturación declarada na solicitude da axuda (4 puntos).

3º Alcance do proxecto: ata 15 puntos, que se avaliarán do seguinte xeito:

- i. Número de empresas beneficiarias do proxecto: 1 punto por empresa ata un máximo de 5 puntos (para proxectos individuais: 1 punto).
- ii. Alcance. Ata a cantidade máxima de 5 puntos, outorgarase 1 punto por cada un dos obxectivos descritos no artigo 1 aos que o proxecto responda.
- iii. Nivel de interacción dos procesos entre empresas: ata 3 puntos, que se asignarán en función da cantidade e importancia de procesos interempresariais aos que se apliquen os obxectivos previstos. Nos proxectos individuais outorgarase 1 punto.
- iv. Efecto multiplicador do proxecto, é dicir, a capacidade de ser replicado e escalado: 2 puntos.

4º Sector ou ámbito de actividade no que se desenvolva o proxecto: 10 puntos, que se outorgarán a proxectos onde a maioría das empresas que participen pertencen a sectores prioritarios definidos na Axenda de Competitividade:

- i. Estratéxicos: Agroalimentación, Automoción, Enerxías Renovables, Madeira/Forestal, Naval/Industria marítima, Pedra Natural, Téxtil-moda.
- ii. Emerxentes e de alto potencial: Aeronáutico/aeroespacial, Industria da saúde e do benestar, Industrias creativas, Biotecnoloxía, Novos materiais, Ecoindustria, TIC.

En caso de coincidir a puntuación de varias solicitudes, utilizarase como criterio de desempate o de maior puntuación sucesivamente nos criterios 1º, 2º, 3º e 4º por esa orde. Se aínda así seguise existindo empate, co fin de promover a incorporación do principio transversal de igualdade enunciado no art. 7 do Regulamento (UE) nº 1303/2013, decidirase a favor do proxecto no que a maioría das empresas participantes teñan implantado un plan de igualdade, identificado no formulario electrónico de solicitude polo seu localizador no Rexistro de convenios e acordos colectivos de traballo, de acordo co establecido no artigo 11 do Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro. No caso de que persista o empate, en último termo terá preferencia a solicitude que teña o número de expediente máis baixo.

Os proxectos deberán acadar as seguintes puntuacións mínimas para poder optar á concesión da axuda en réxime de concorrència competitiva:

Modalidades dos artigos 1.a): 50 puntos.
Modalidades dos artigos 1.b): 30 puntos.

Unha vez analizados conxuntamente os informes técnicos dos 27 proxectos presentados dentro do prazo establecido, tendo en conta a relación de solicitudes de axuda coa puntuación que lle corresponde a cada unha elaborada polo órgano avaliador en aplicación dos anteriores criterios de avaliación, e confeccionada a relación definitiva de puntuacións outorgadas ás solicitudes, a Dirección da Área de Competitividade do Igape ditou a proposta de resolución correspondente á convocatoria de AXUDAS Á IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020, con data 27/12/2022.

2. Resolvo:

Primeiro. Aprobar a concesión das subvencións aos 12 beneficiarios que figuran no Anexo I, para os proxectos e polos importes que se citan, con indicación da puntuación alcanzada por cada un deles e que supoñen un total de 220.207,47 euros.

Todas as solicitudes para as que se propón a concesión da subvención cumpren os requisitos establecidos nas correspondentes bases da convocatoria.

Segundo. Denegar as 7 solicitudes presentadas polos interesados que se sinalan no anexo II polas causas sinaladas no mesmo.

Terceiro. Arquivar sen máis trámite as 8 solicitudes relacionadas no anexo III polas causas sinaladas no mesmo.

Cuarto. Aprobar as condicións particulares para cada beneficiario derivadas das bases da convocatoria de axuda e dos informes técnicos que se establecen en documentos anexos,

Quinto. Publicar a resolución no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape no enderezo <https://www.igape.gal/gl/oficnavirtual> (apartado "Resolucións definitivas" <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>), de acordo co establecido no artigo 13.5 das bases reguladoras.

Habílitase un prazo de 10 días naturais para que os interesados accedan á Oficina virtual do Igape no citado enderezo <https://www.igape.gal/gl/resoluciones-definitivas>, utilizando o seu NIF e o código IDE do expediente, e descarguen a súa resolución individual.

3. Recursos:

As resolucións individuais esgotan a vía administrativa e contra elas poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido. Non obstante, previamente poderá interpoñer un recurso de reposición ante a persoa titular da Dirección Xeral do Igape, dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao acceso á resolución individual, ou desde que se entenda rexeitada polo transcurso de dez días naturais desde a súa posta a disposición sen que se accedera ao seu contido.

Sinatura da resolución:

ÓRGANO EMISOR	TITULAR	LUGAR DE EMISIÓN	DATA
O director xeral do Igape	Fernando Guldrís Iglesias	Santiago de Compostela	A indicada no pé de páxina

ANEXO I

Axudas concedidas

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG288.2022.1.25	COOPERATIVA AGRARIA PROVINCIAL DE LA CORUÑA, S.C.L (F15000177)	Heladerías Circulares en BICO de Xeado	79,00	30/06/2023	30/06/2023	80.950,00	27,32	22.112,50
IG288.2022.1.6	ECOCELTA GALICIA, S.L.N.E. (B36449643)	IMPLANTACIÓN DE SOLUCIONES AVANZADAS PARA EL DESARROLLO DE LA ECONOMÍA CIRCULAR	76,00	30/06/2023	30/06/2023	40.422,65	35,00	14.147,93
IG288.2022.1.5	AGROAMB PRODALT, S.L. (B27257666)	LCAgroamb	75,00	30/06/2023	30/06/2023	20.580,00	43,95	9.045,00
IG288.2022.1.18	IBERCISA DECK MACHINERY, S.A. (A36606507)	SOLUCIONES AVANZADAS PARA EL DESARROLLO DE LA ECONOMÍA CIRCULAR EN EL ÁMBITO NAVAL	73,00	30/06/2023	30/06/2023	40.573,15	34,06	13.818,29
IG288.2022.1.24	ECOPLAS BARBANZA, S.L. (B70014766)	NETCYCLE, R-NET E SMART NETS TECH	73,00	30/06/2023	30/06/2023	47.128,50	41,05	19.344,98
IG288.2022.1.17	T Y M GANAIN, S.L. (B36840684)	SENSORIZACIÓN Y MEJORA DE LA EFICIENCIA ENERGÉTICA	72,00	30/06/2023	30/06/2023	24.476,00	30,72	7.519,00
IG288.2022.1.23	GRANITOS DEL VAL, S.L. (B32033789)	Implantación de un decantador lamelar	72,00	30/06/2023	30/06/2023	91.327,70	35,00	31.964,70

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Puntuación	Prazo de execución	Prazo de xustificación	Importe subvencionable	% de subvención	Subvención
IG288.2022.1.14	MINERA DE ROCAS, S.L. (B36123693)	Máquina de hilo Movil	69,00	30/06/2023	30/06/2023	85.100,00	35,00	29.785,00
IG288.2022.1.11	PLATAFORMA DE MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN, S.L. (B32284457)	FABRICACIÓN DE SOLEIRAS VENTILADAS A PARTIR DE PLÁSTICO RECICLADO 100%	68,00	30/06/2023	30/06/2023	14.980,00	50,00	7.490,00
IG288.2022.1.7	PMANUTRIGRAS, S.A. (A36643955)	IMPLANTACIÓN DE SOLUCIÓN PARA MEJORAR LOS PROCESOS DE LA EMPRESA	60,00	30/06/2023	30/06/2023	13.360,00	35,00	4.676,00
IG288.2022.1.26	ACEESCA EMPREGO, S.L. (B36982742)	Naturaleza Orgánica Aceesca	57,00	30/06/2023	30/06/2023	78.561,29	26,80	21.054,07
IG288.2022.1.22	SETGA, S.L. (B36699064)	ECONOMIA CIRCULAR	54,00	30/06/2023	30/06/2023	103.500,00	37,92	39.250,00

TOTAL:
220.207,47

ANEXO II

Axudas denegadas

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG288.2022.1.1	PUBLIEX SOLUCIONES GRAFICAS, S.L.U. (B32377707)	Implantación YOTTA	<p>Tipoloxía de proxecto non subvencionable: o investimento a realizar pola empresa non cumpre os requisitos para ser considerado un concepto de gasto subvencionable. De acordo co establecido no artigo 5.1 c), terá a consideración de elemento subvencionable a nova maquinaria e bens de equipo, unicamente para a reutilización e reciclaxe in situ de refugallos producidos nos procesos da empresa.</p> <p>Incumprimento do artigo 1.4, segundo o cal o gastos subvencionables mínimo deberá ser de 12.000 euros.</p>
IG288.2022.1.8	KIWI ATLANTICO,S.A. (A36681047)	Kiwi Zero	<p>O beneficiario non cumpre o establecido no artigo 5.3 das bases reguladoras. Constan no expediente dúas facturas con números "2022-053" e "2022-054" con data de emisión previa á de presentación da solicitude da axuda.</p> <p>O beneficiario non cumpre o establecido no artigo 5.7 das bases reguladoras nalgunhas das ofertas presentadas de provedores de investimentos e gastos subvencionables iguais ou superiores a 15.000 euros.</p>

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
IG288.2022.1.9	3D ESSENCE FOOD, S.L (B66974924)	Kiwi Zero	<p>O líder da agrupación non cumpre o establecido no artigo 5.3 das bases reguladoras. Constan no expediente facturas con data de emisión previa á de presentación da solicitude da axuda.</p> <p>O beneficiario non cumpre o o establecido no artigo 5.7 das bases reguladoras, nalgunhas das ofertas presentadas de provedores de investimentos e gastos subvencionables iguais ou superiores a 15.000 euros.</p>
IG288.2022.1.12	53183938A	AGRO-X	<p>Actividade non subvencionable:</p> <p>O artigo 1.1 das bases reguladoras indica que os proxectos individuais son aqueles no que unha peme aborda a implantación dun sistema de economía circular, parcial ou integral, especificamente deseñado ou desenvolvido para o seu ámbito de actividade e que deben de dirixirse a un ou varios obxectivos indicados no punto 1.2.</p> <p>Estes obxectivos, (1) de redución do consumo de recursos, (2) de redución da xeración de residuos, a súa perigosidade e/ou facilitación da súa reutilización, valoración e/ou reciclaxe, (3) de análise do ciclo de vida do produto, (4) servitización e (5) de creación de valor máis curtas, son os que se acadarían no desenvolvemento da actividade do proceso produtivo da empresa solicitante. O proxecto non se enfoca ao proceso produtivo da empresa solicitante, senón á prestación dun servizo aos seus clientes.</p>
IG288.2022.1.19	POSTMOBEL, S.L. (B36698256)	Reducción de residuos de procesos de transformación de madera por reaprovisionamiento interno	<p>Incumprimento do artigo 5.1.c) das bases da convocatoria: O concepto "Activos para procesar residuos del proceso" (caldeira) non responde á definición de "nova maquinaria e bens de equipo, unicamente para a reutilización ou reciclaxe in situ de refugallo producidos nos procesos da empresa".</p> <p>Incumprimento do artigo 5.1.d) das bases reguladoras: Trala detracción dos</p>

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			investimento non subvencionables, o custo das colaboracións externas supera o 60% dos custos totais subvencionables.
IG288.2022.1.20	BLUE MARINE OIL, S.L. (B10862787)	UNA SOLUCIÓN AVANZADA DE ECONOMÍA CIRCULAR PARA SU APLICACIÓN EN LA ACUICULTURA	<p>Actividade non subvencionable:</p> <p>O artigo 1.1 das bases reguladoras indica que os proxectos individuais son aqueles no que unha peme aborda a implantación dun sistema de economía circular, parcial ou integral, especificamente deseñado ou desenvolvido para o seu ámbito de actividade e que deben de dirixirse a un ou varios obxectivos indicados no punto 1.2.</p> <p>Estes obxectivos, (1) de redución do consumo de recursos, (2) de redución da xeración de residuos, a súa perigosidade e/ou facilitación da súa reutilización, valoración e/ou reciclaxe, son os que se acadarían no desenvolvemento da actividade do proceso produtivo da empresa solicitante. O proxecto non se enfoca ao proceso produtivo da empresa solicitante, senón á prestación dun servizo aos seus clientes.</p>
IG288.2022.1.21	GALLANOVA NORTE, S.L. (B70161559)	CIRCULAR ADITIVA 4.0- VELUTINA	<p>Actividade non subvencionable: O artigo 1.1 das bases reguladoras indica que os proxectos individuais son aqueles no que unha peme aborda a implantación dun sistema de economía circular, parcial ou integral, especificamente deseñado ou desenvolvido para o seu ámbito de actividade e que deben de dirixirse a un ou varios obxectivos indicados no punto 1.2. Estes obxectivos, son (1) de redución do consumo de recursos, (2) de redución da xeración de residuos, a súa perigosidade e/ou facilitación da súa reutilización, valoración e/ou reciclaxe, (3) de análise do ciclo de vida do produto, (4) servitización e (5) de creación de valor máis curtas, 6) Reacondicionamento, remanufactura e reparación avanzada ou 7) Creación de cadeas de valor máis curtas. O proxecto presentado non encaixa en ningún dos apartados indicados no artigo 1.2.</p> <p>Incumprimento do artigo 6 das bases da convocatoria no cal se indica que os proxectos deberán acadar unha puntuación mínima de 30 puntos para os</p>

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de denegación
			proxeitos individuais segundo o artigo 1.b das bases da convocatoria. O proxecto acada unha puntuación inferior a 30 puntos.

ANEXO III

Solicitudes archivadas

CONVOCATORIA 2022 DAS AXUDAS Á IMPLANTACION DE SOLUCIÓNS AVANZADAS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ECONOMÍA CIRCULAR, COFINANCIADAS NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020

Expediente núm.	Titular	Título do proxecto	Motivo de arquivo
IG288.2022.1.2	THE PAINTER'S WIFE, S.L. (B94145901)	GREEN PAW	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2022.1.3	POSTMOBEL, S.L. (B36698256)	INSTALACION CALDERA	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2022.1.4	STRATEGIC MINERALS SPAIN, S.L. (B37512753)	SEPARADOR ELECTROSTATICO	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2022.1.10	AGRO BAZAN, S.A. (A36034668)	CO2NTROL_WINE	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2022.1.13	AGLOMERADOS Y CONSTRUCCIONES VALDEORRAS, S.A. (ACOVAL) (A32008039)	ADQUISICIÓN DE TRITURADORA DE MANDÍBULAS	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2022.1.15	FASHION EL PULPO, S.L.U. (B70567763)	Implementación estrategia de sostenibilidad 360° elPulpo	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2022.1.16	ENCUADERNACIONES SANTIAGO, S.L. (B70312871)	SISTEMA RECOGIDA PAPEL PARA RECICLAR	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN
IG288.2022.1.27	PROYESTEGAL, S.L. (B27159730)	DESENVOLVEMENTO DE SOFTWARE PARA CONTROL DE CONSUMO DE RECURSOS HÍDRICOS	ARQUIVO POR NON APORTAR DOCUMENTACIÓN



INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN
ECONÓMICA



Fondo Europeo de
Desenvolvemento Rexional
"Unha maneira de facer Europa"

